

## **CONVOCATORIA ARTISTAS SIONS ENCLAVE MUSICAL 2025**

SiSONS Enclave Musical convida os artistas do sector musical a participar en SiSONS Enclave Musical 2025. Trátase dun encontro aberto ao público que reunirá a profesionais do sector cultural e musical, contará con multitude de charlas, showcases, concertos e actividades paralelas. O obxectivo principal é a dinamización da vida cultural e a promoción das actividades musicais e artísticas.

A finalidade desta convocatoria de carácter pública é convidar a presentar propostas musicais, para formar parte do proceso selectivo, que lles permitirá participar en SiSONS Enclave Musical 2025, e ter así a oportunidade de realizar intercambios que potencien a circulación das súas obras artísticas.

### **CRONOGRAMA DA CONVOCATORIA ARTISTAS**

- Apertura: Luns 31 de marzo de 2025
- Peche: Domingo 20 de abril de 2025
- Proceso de avaliación de candidaturas: Luns 21 de abril de 2025 - Xoves 24 de abril de 2025
- Publicación de resultados: Venres 25 de abril de 2025

### **PARTICIPANTES**

Poderán participar na presente convocatoria, persoas físicas, agrupacións ou colectivos de artistas de procedencia nacional e internacional que desempeñen a súa actividade de maneira profesional na disciplina musical.

## **PRESENTACIÓN DA PROPOSTA**

O proceso de inscrición das propostas deberá levarse a cabo a través do formulario dispoñible na páxina web do encontro profesional: [www.sisons.gal](http://www.sisons.gal)

### Para ARTISTAS:

1. Aceptar os termos e condicións da convocatoria, así como o manexo de datos por parte das entidades organizadoras do evento.
2. Completar e rematar a inscrición dentro do prazo establecido. Todas aquelas inscricións incompletas, rematadas fóra de prazo ou que non acepten as condicións ou termos establecidos quedarán excluídas do proceso.
3. Anexar e incluír os requisitos obrigatorios que se relatan a seguir:
  - Recensión artística que recolla: orixe, xénero musical e traxectoria da agrupación.
  - Dossier que inclúa información xeral da produción e rider técnico, entre outros.
  - Referenciar material audiovisual en calquera das plataformas dixitais: Spotify, SoundCloud, iTunes, Youtube e/ou Vimeo, entre outros, nos formatos requiridos.

## **SOBRE AS MOSTRAS ARTÍSTICAS**

SiSONS Enclave Musical 2025 programará presentacións promocionais que serán de 30 minutos de duración. As presentacións serán realizadas polos artistas seleccionados pola organización e estarán dirixidas a programadores e programadoras participantes no mercado e público en xeral.

Artistas/formacións seleccionados para participar nas presentacións promocionais, deben ter en conta que a organización asumirá en concepto de gastos de viaxe e manutención a contía de 600,00€ para os artistas ou agrupacións procedentes da Comunidade Autónoma de Galicia e 1.000,00€ para aqueles de procedencia nacional/internacional. A organización do SiSONS Enclave Musical proporcionará aos artistas seleccionados o escenario e equipos técnicos adecuados para a presentación.

*Importante: A avaliación dos participantes para as mostras artísticas levará a cabo a través do material audiovisual de actuación en vivo que achegue o artista, grupo ou compañía no formulario de rexistro. No caso de non recibir este material quedará excluído da devandita fase.*

## **AVALIACIÓN E SELECCIÓN DAS PROPOSTAS**

A organización do evento designará un xurado composto por expertos do sector musical cunha ampla traxectoria, que avaliará as propostas enviadas e emitirá a relación de grupos ou artistas seleccionados.

Os criterios de avaliación a aplicar polo xurado serán os que seguen:

- a) Calidade da actuación en función dos soportes entregados que se incluírán por medio do formulario.
- b) Traxectoria e experiencia do artista/agrupación candidato. Para iso terase en conta a obtención de premio, recoñecementos, éxitos alcanzados, etc.
- c) Valoraránse tamén críticas de prensa, recensións ou a participación noutras feiras ou festivais de relevancia.
- d) O xurado baixo a súa experiencia avaliará a proxección da proposta presentada polas composicións musicais.

#### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DA OFERTA**

O xurado elixirá mediante o sistema de votación as mellores propostas da convocatoria.

- 1. O incumprimento dalgún dos requisitos obrigatorios supoñerá a exclusión da proposta presentada.
- 2. A listaxe de aspirantes seleccionados publicaráse o venres 25 de abril de 2025 nas redes sociais do encontro para profesionais do sector cultural SiSONS Enclave Musical.
- 3. Contra os resultados da convocatoria non procederá recurso ningún.
- 4. A inscrición á presente convocatoria coa correspondente presentación de propostas enténdense como a autorización expresa por parte do participante seleccionado, para a publicación e exhibición dos seus produtos con propósitos estritamente promocionais nos medios que se consideren oportunos por parte

da organización de SiSONS Enclave Musical, sen que o participante poida solicitar remuneración algunha por tales actividades.

## **DEREITOS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES**

Os e as participantes na convocatoria comprométense coa organización do evento a:

- Cumprir as normas de protección dos dereitos de autor con todos e cada un dos produtos, obras artísticas, interpretacións ou execucións artísticas, que formen parte das propostas presentadas. En caso de ser seleccionado e non ser o titular dos dereitos de autor sobre as obras, interpretacións ou execucións involucradas na proposta presentada a esta convocatoria, deberá tramitar ante o titular as respectivas licenzas requiridas para o seu uso.
- Certificar de maneira documental que todos os membros das agrupacións ou compañías e o seu equipo artístico, no momento da execución do seu espectáculo, en caso de ser seleccionados, atópanse cumprindo a normativa laboral e administrativa, presentando calquera documentación referida á actividade, solicitada pola organización de SiSONS no prazo e forma que esta determine.
- Autorizar á organización do evento para divulgar as propostas seleccionadas e facer uso do material subministrado con remates promocionais sen ningún tipo de remuneración.
- Aceptar as bases e o regulamento da convocatoria, así como calquera aclaración ou modificación dos mesmos.

- Cumprir coas condicións sinaladas no presente documento, sendo entendido que o participante deberá practicalas durante todo o termo da convocatoria.
- Se nalgún momento o solicitado incumpre unha destas condicións, poderá ser excluído da convocatoria.
- Aceptar o resultado da convocatoria e participar activamente.
- Asistir e participar en SiSONS Enclave Musical, que terá lugar do mércores 15 ao sábado 18 de outubro de 2025 na cidade galega de Santiago de Compostela.
- Os artistas seleccionados para as mostras artísticas comprométense a enviar os documentos e material requirido polo equipo de produción nos tempos definidos, así como a respectar os tempos de proba de son e ensaios establecidos.

## **DEBERES DA ORGANIZACIÓN**

- Proporcionar espazos debidamente acondicionados para a mostra das propostas dos artistas seleccionados.
- Elaborar un plan de traballo coordinado que permita ás compañías unha correcta execución das mostras artísticas.
- Convocar e convidar a programadores, produtores e demais profesionais solicitados na oferta cultural.
- Organizar e coordinar o SiSONS Enclave Musical 2025 que terá lugar do mércores 15 ao sábado 18 de outubro de 2025 na cidade galega de Santiago de Compostela.

Para máis información achega do proceso de inscrición para artistas e profesionais poden poñerse en contacto co correo electrónico:

[sisonsenclavemusical@gmail.com](mailto:sisonsenclavemusical@gmail.com)